

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201400017943  
25/09/2014 09:34:09

O artigo 2.3 do “Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo”, aprobado no Consello de Goberno do día 24 de maio de 2012 dispón que “Tamén poden realizar prácticas externas en dependencias da propia Universidade de Vigo que non estean destinados á actividade docente”.

Por outra banda o artigo 8 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades así como o artigo 11 dos Estatutos da Universidade de Vigo establecen que as escolas e facultades son os centros encargados da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de grao oficiais e con validez en todo o territorio nacional.

De acordo co exposto anteriormente esta vicerreitoría informa que non se poden autorizar prácticas externas en todas aquelas dependencias ubicadas nos edificios correspondentes a escolas e facultades, tales como laboratorios docentes e de investigación, sedes dos departamentos e decanatos ou direccións de escolas, servizos económicos e administrativos dos centros e departamentos....., etc.

Vigo, 24 de setembro de 2014

A Vicerreitora de Org. Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez